

A cultura e a lingua galegas en Madrid: o labor do Centro de Estudos Galegos durante o curso 2024-2025

María Sonia Cruz Pérez¹

Como se vén traballando durante os últimos anos, no Centro de Estudos Galegos (CEG) da Universidade Complutense de Madrid apostamos unha vez máis por diferentes actividades culturais que permitan a difusión da lingua e da cultura galegas desde diferentes espazos e perspectivas. O curso 2024-2025 foi especialmente intenso e frutífero, marcado pola consolidación da oferta docente con catro niveis de lingua galega, a celebración do Día das Linguas e a Tradución, a visita da poeta Chus Pato –Premio Nacional de Poesía 2024–, a conmemoración do Día das Letras Galegas dedicado ás cantareiras e á poesía popular oral, e a presentación da exposición «Afonso X e Galicia», entre outras actividades relevantes.

Así, e en primeiro lugar, debemos salientar que o curso 2024-2025 iniciou coa impartición das materias de Lingua Galega I, II, III e IV, nas que o alumnado da Universidade Complutense desenvolveu progresivamente as súas competencias lingüísticas e literarias mediante un traballo continuado. Ao remate do curso, os estudantes acadaron un nivel aproximado de A2/B1 e B2/C1, segundo o itinerario correspondente. A metodoloxía combinou sesións teóricas e prácticas, cunha atención especial á mellora da competencia comunicativa en galego.

No primeiro cuadrimestre organizouse o Curso de Iniciación á Lingua e Cultura Galega, aberto a estudantes de todas as titulacións da Universidade. O seu obxectivo principal foi ofrecer unha introdución básica á lingua galega

e ás súas principais manifestacións culturais. A través de sesións interactivas, o alumnado familiarizouse co galego oral e escrito, ademais de achegarse a aspectos fundamentais da historia, literatura, música e tradicións de Galicia.

Posteriormente, entre os días 1 e 12 de setembro de 2025, celebrouse na Facultade de Filoloxía o curso intensivo Iniciación á Literatura Galega, impartido pola profesora lectora Sonia Cruz Pérez. Con unha duración de 30 horas presenciais (3 ECTS), o curso ofreceu unha panorámica introdutoria da literatura galega, desde a lírica medieval ata a creación contemporánea, prestando atención ás conexións coas outras literaturas peninsulares e ao papel das voces femininas na construción do canon. Entre os textos analizados destacaron obras de Rosalía de Castro, X. L. Méndez Ferrín, Chus Pato e Manuel Rivas, entre outros autores que permitiron mostrar a riqueza e diversidade da tradición literaria galega.

Ademais, a Casa de Galicia retomou a súa actividade docente en lingua galega a partir de outubro de 2024, garantindo a continuidade das clases ata xuño de 2025 mediante a creación de dous grupos correspondentes aos niveis 1 e 2. Paralelamente, entre marzo e maio de 2025, desenvolvéronse na Casa de Galicia un curso intensivo de preparación para o exame CELGA 2. Unha vez finalizada a formación, celebráronse as probas CELGA 2, CELGA 3 e CELGA 4, de acordo co calendario oficial establecido pola administración competente.

¹ Universidade de Vigo / Universidad Complutense de Madrid, Centro de Estudos Gallegos.
Correo-e: mariascr@ucm.es.



No outono de 2024 a Agrupación de Estudos Galegos e a Casa de Galicia en Madrid acolleron dúas presentacións destacadas que puxeron en valor o patrimonio literario galego e a súa proxección contemporánea. O 28 de novembro de 2024, a Agrupación de Estudos Gallegos do Ateneo de Madrid organizou a presentación de *La lámpara maravillosa* de Ramón María del Valle-Inclán, nunha nova edición a cargo de Diego Martínez Torrón (Editorial Castalia). O acto reuniu un elenco de voces recoñecidas: o propio editor, o poeta e académico Luis Alberto de Cuenca, Joaquín del Valle-Inclán, descendente do autor, a catedrática Fanny Rubio e Carmen Mejía Ruiz, directora do Centro de Estudos Galegos da UCM.

Pola súa parte, o 6 de novembro de 2024, a Casa de Galicia en Madrid, en colaboración con Ponteceso Cultura Permanente e a Xunta de Galicia, acolleu a presentación do libro *Poemas* de Eduardo Pondal (Editorial Polibea). Interviñeron Luis E. Ramos, director da Casa de Galicia en Madrid; Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia; Carmen Mejía Ruiz; Miguel Losada, autor do estudo preliminar; e Julia Ures, responsable da edición e tradución. O encontro estivo acompañado pola actuación musical de Sara Varela.

O 11 de decembro de 2024, celebrouse na Facultade de Filoloxía da UCM un coloquio

co escritor Antón Riveiro Coello, un dos narradores máis destacados da literatura galega contemporánea. Na súa intervención, o autor conversou co alumnado arredor dalgunhas das súas obras máis coñecidas, entre elas *As regras de Bakunin* e *A ferida do tempo*, afondando nos procesos de creación literaria e na importancia da escrita en galego no panorama actual.

No mes de febreiro, contamos coa presenza do profesor Ricardo Pichel, quen ofreceu unha charla sobre o patrimonio cultural galego desde a súa perspectiva de medievalista. Ademais, abordou desde a secretaría o proceso de elaboración do volume correspondente de *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos*. Esta sesión foi unha oportunidade para comprender a importancia do estudo da literatura medieval galega e a súa relación coa historia cultural de Galicia.

O profesor e dialectólogo Xosé Henrique Costas, xefe do Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo, ofreceu unha charla sobre o galego e as súas variacións dialectais, tanto dentro coma fóra de Galicia. Esta sesión permitiu afondar na riqueza da variación lingüística galega e na importancia da preservación das súas variantes.

Outro dos momentos máis destacados do curso foi a visita da poeta Chus Pato, Premio Nacional de Poesía 2024, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía. A escritora ourensá,

membro de número da Real Academia Galega, presentou *Sonora*, o poemario que lle valeu o recoñecemento do Ministerio de

A decana da Facultade de Filoloxía enmarcou a visita nunha xa longa colaboración co Centro de Estudos Galegos e a Xunta de Galicia, mais só a insistencia da catedrática Carmen Mejía –posiblemente unha das maiores coñecedoras da obra de Pato– fixo posible este encontro, como recoñeceu a propia escritora. O vicedecano Emilio Peral eloxiou a Pato como unha autora que non se localiza nunha moda e que soubo afastarse do «yoísmo», o gran mal da poesía contemporánea.

A poeta reflexionou sobre o poema –non sobre a poesía, que é «unha forza vital que nos impulsa e nos fai estar vivos» – como «língua de lume» que «ferve as palabras e ponnas en punto de ebulición», convertendo a lingua normal noutra cousa que nos leva cara á memoria e case chega a rozar o inmemorial. «É o máis estraño e o máis íntimo que podemos ter na vida», concluíu. En *Sonora*, escrito tras a morte da súa nai en 2018, a autora establece un diálogo coa morte e dá conta da radical orfandade da humanidade. A obra está estruturada en nove ondas, nove voces e nove imaxes, e nel medita sobre cinco palabras fundamentais: voz, parto, xustiza, amor e morte. A súa disertación completouse coa lectura de varios poemas do libro.

Con motivo da celebración do Día das Linguas e da Tradución, o Centro de Estudos Galegos da Universidade Complutense de Madrid organizou, en colaboración cos lectorados de Romanés (ILR) e Portugués (Leitorado Guimarães Rosa/Brasil), dúas actividades destinadas a promover o contacto intercultural e a visibilización das linguas presentes na facultade. Organizouse unha exposición bilingüe de poemas de Chus Pato no Hall do edificio D, que presentou unha selección de textos do seu poemario *Sonora*, en versión orixinal galega e en tradución ao castelán, acompañados de fragmentos traducidos ao romanés. Como ponte simbólica coa exposición do lectorado de Romanés, incluíronse tamén poemas de Ana Blandiana, escritora romanese e Premio Princesa de Asturias das Letras 2024, vertidos ao galego.

O CEG celebrou o Día das Letras Galegas 2025, dedicado este ano á poesía popular oral, personificada en Adolfinia e Rosa Casás Rama (Cerceda), Eva Castiñeira Santos (Muxía), e Manuela Lema, Teresa García Prieto e Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda, integrantes das Pandeireteiras de Mens (Malpica de Bergantiños). A Real Academia Galega quixo render homenaxe así ás cantareiras, mulleres que foron creadoras e transmisoras de arte e beleza, gardiás da nosa lingua e cultura popular.



Chus Pato durante a súa intervención na Facultade de Filoloxía da UCM



Celebración do Día das Letras Galegas 2025 co profesor Anxo Angueira, o director da Casa de Galicia e dirixentes de FAGAMA

A primeira actividade, en colaboración con Casa de Galicia en Madrid, contou coa participación do profesor e membro da Real Academia Galega, Anxo Angueira, quen abordou non só a relevancia da poesía popular oral, senón tamén a súa presenza e importancia na obra de Rosalía de Castro. A escritora Susana Aríns, tamén en colaboración con outra institución, neste caso co Centro Gallego de Madrid, deu unha charla sobre as orixes das pandeireteiras e a tradición musical. Finalmente, no Ateneo de Madrid, organizouse unha charla e recital onde participaron a profesora Ana Acuña; a directora do Centro de Estudos Galegos na Universidade Complutense, Carmen Mejía; a profesora lectora M. Sonia Cruz e o presidente do Ateneo, Miguel Losada. Ademais, desenvóléronse actividades complementarias, entre as que destacaron exposicións, un recital de poesía oral e actuacións musicais en directo, co obxectivo de render homenaxe ás portadoras desta tradición oral galega e poñer en valor a súa vixencia no presente.

O 28 de maio celebrouse no Centro Galego de Madrid, en colaboración con FAGAMA, unha conferencia co escritor galego Manuel Rivas, recentemente galardoado co Premio Nacional das Letras 2024. O autor ofreceu aos asistentes un recital de poemas, no que compartiu

parte da súa obra e deleitou o público coa forza lírica e a súa particular visión poética do mundo.

No ámbito das actividades culturais, unha das máis destacadas foi a exposición «Afonso X e Galicia», que se inaugurou o 20 de outubro de 2025 na Biblioteca María Zambrano da Universidade Complutense de Madrid. A mostra, organizada polo Consello da Cultura Galega en colaboración coa Facultade de Filoloxía da UCM e o Centro de Estudos Galegos, permaneceu aberta ata o 28 de novembro.

O acto de apertura contou coa participación de Emilio Peral, vicedecano da Facultade de Filoloxía, e Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega, quen guiou a visita inaugural á mostra. O evento estivo acompañado por un repertorio musical medieval a cargo do grupo Entrebescant –do que forman parte dous investigadores predoutorais da Facultade–, que interpretou dúas das *Cantigas de Santa María* («Pagar ben pód’ o que dever» e «Sempr’ a Virgen santa dá bon gualardón»). A exposición, dedicada á relación entre Afonso X o Sabio e Galicia, ofrece un percorrido polo contexto cultural, lingüístico e artístico do século XIII, destacando o papel da lírica galego-portuguesa e o patrimonio manuscrito vinculado ao monarca.



Presidente de Fagama Horacion Rico, escritor Manuel Rivas, profesora Sonia Cruz

No marco desta exposición, o profesor Ricardo Pichel (UNED), especialista en filoxía medieval galego-portuguesa, impartiu unha conferencia dirixida ao alumnado do Centro de Estudos Galegos, na que explicou a relevancia das *Cantigas de Santa María* e o papel de Galicia como espazo fundamental na produción literaria de Afonso X. Como actividades

complementarias, o 4 de novembro de 2025 tivo lugar no Centro Galego de Madrid as conferencias «O ‘magicus’ versus o ‘miraculosus’. O demo como antagonista ou mesturador nas Cantigas de Santa María», impartida pola profesora María Xesús Botana (Universidade do Algarve), e «As mulleres nas cantigas medievais», impartida pola profesora lectora Sonia Cruz.



Bárbara Fraticelli, Rosario Álvarez, Emilio Peral e Carmen Mejía na inauguración da exposición
(Fotografía: Jesús de Miguel)



Actuación grupo Entrebescant na exposición «Afonso X e Galicia»

O 20 de outubro tivo lugar no Hall do Edificio A da Facultade de Filoloxía o encontro «Speak Dating», unha actividade participativa que permitiu ao alumnado practicar conversacións en galego, portugués e romanés a través de dinámicas breves e lúdicas.

O 23 de outubro, celebrouse a charla «Tradución de teatro infantil», impartida por Carlos Labraña, dramaturgo e especialista en teatro infantil e xuvenil. Na súa intervención, o autor compartiu a súa experiencia como tradutor e creador teatral, explicando os retos específicos que presenta a adaptación de textos dramáticos para público novo.

Alén das actividades mencionadas, a directora do Centro de Estudos Galegos, Carmen Mejía Ruiz, e a lectora, María Sonia Cruz Pérez, representaron a entidade en diversos congresos nacionais e internacionais, co obxectivo de difundir e promocionar a lingua e cultura galegas.

Durante o curso académico 2024-2025, a profesora María Sonia Cruz Pérez participou no II Congreso Internacional de Jovens Investigadores em Literatura Portuguesa, celebrado os días 25 e 26 de setembro de 2025 na UCM, baixo o título *Literaturas Ibéricas e outras (in)utilidades*. Presentou a comunicación «Memoria e ficción nas literaturas peninsulares: cartografías do segredo, o trauma e a posmemoria», na que analizou como as obras de Manuel Rivas, Lidia Jorge e Javier Marías transforman a memoria histórica en enerxía narrativa.

Así mesmo, o nove e dez de outubro participou no Coloquio Internacional «50 anos de Democracias Ibéricas», organizado pola Facultade de Letras da Universidade de Lisboa,

coa comunicación «X. L. Méndez Ferrín ante a Transición: disidencia, utopía e identidade desde a periferia ibérica». Finalmente, o dezaes de outubro presentou na Facultade de Educación a comunicación titulada «De Madrid al metaverso: ciudades poscrisis e geopoéticas da resistencia» no Congreso *Centro y Márgenes: La ciudad poscrisis en la literatura*, celebrado na Universidade Complutense de Madrid.

Pechamos o curso académico 2024-2025 cun balance moi positivo, marcado pola continuidade e a consolidación do proxecto do Centro de Estudos Galegos da UCM en Madrid. A diversidade de actividades desenvolvidas, tanto académicas como culturais, reforzou o noso papel como espazo de encontro e de difusión da lingua e da cultura galegas fóra de Galicia. O interese constante do alumnado permitiu ampliar por segundo ano consecutivo a docencia ata os niveis de Lingua Galega III e IV, o que evidencia o crecemento progresivo da nosa comunidade estudiantil e a confianza na nosa oferta formativa.

A colaboración coas diferentes institucións –a Xunta de Galicia, o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega, a Casa de Galicia de Madrid, o Centro Galego de Madrid e a propia Universidade Complutense– foi fundamental para o éxito destas actividades. De cara ao futuro, manteremos esta liña de traballo, coa vontade de reforzar a visibilidade do galego e da súa cultura no contexto universitario e social madrileño, ao tempo que continuamos abertos a novas colaboracións institucionais que garantan a proxección e a sustentabilidade deste proxecto.